

CURIOSIDADES SOBRE AS CEBRAS




As cebras son animais mamíferos herbívoros, son negras con raias brancas. O seu tamaño medio é de 2,3 metros de longo, 1,5 metros de altura e o seu peso é sobre 300 Kg. Ten bos sentidos como a vista, xa que ve a cor e tamén ten visión nocturna, bo oído e gusto e o olfato moi sensible ao fume.

As raias das cebras son verticais na cabeza, no pescozo e ombreiros e horizontais por detrás e nas patas.

As súas raias poden supoñer unha dificultade para os depredadores á hora de distinguir a unha cebra nunha manada á carreira e distorsionar a distancia ao amencer e á noite.

Así mesmo, poden eludir aos insectos que só recoñecen grandes superficies de pel da mesma cor, ou actuar como algún tipo de protector solar natural. As raias tamén poden axudar ás cebras para recoñecerse mutuamente.


A palabra cebra procede da Península Ibérica, en concreto, foron os navegantes portugueses os que a levaron a África durante as súas viaxes de exploración. Cóntase que as simpáticas cebras recordábanlles aos encebros ou cebros, unha especie de asno salvaxe que habitaba na Península Ibérica na época Medieval.



As cebras aliméntanse ao amencer e á noite, descansando durante as horas de máis calor. Durante o día dormen as veces de pé, como os cabalos, pero durante a noite a miúdo tumbanse. ... Por este motivo, as cebras só dormen se un ou máis dos seus veciños están espertos para actuar de centinelas.



As cebras están presentes en territorios do leste e do suroeste do continente Africano. Viven en zonas de Botsuana, zimbabue, Tanzania ,Zambia , Etiopía, Quenia, Somalia,Namibia e Angola.



Habitan pasteiros,praderías,sabanas,ladeiras rochosas e bosques achaparrados de climas semiáridos.Evitan os desertos,as selvas e os humidais. Viven en grupos e tamén conviven con antílopes , ñus ..

Son animais robustos cunha forma similar a do cabalo.

Durmen de pé e corren en zigzag. Teñen as patas moi poderosas que so utilizan para defenderse. Poden alcanzar os 65 kilómetros por hora .

Os seus maiores depredadores son os leóns. Unha cebra pode chegar a vivir máis de 30 anos, pero en liberdade non viven máis de doce, debido a que os depredadores as cazan.



Hai tres especies e moitas subespecies:


A cebra común ou cebra de planicie é a máis común, e ten aproximadamente cinco subespecies distribuídas arredor de gran parte do leste e sur de África.



A cebra de montaña do suroeste de África xeralmente ten unha capa lisa coa panza branca e raias máis angostas que a cebra de planicie. Ten dúas subespecies e é clasificada como especie en perigo.



- **A cebra de grevy** é a de maior tamaño, con crin hirsuta e testa longa e estreita que lle confire certo aspecto de mula. Habita os herbazais semiáridos de Etiopía, Somalia e Kenya do norte. Tamén se atopa en perigo.



Fontes:

- [Curiosidades](#)
- <https://es.wikipedia.org/wiki/Cebra>
- [Datos curiosos](#)
- <https://okdiario.com/curiosidades/cebras-negras-rayas-blancas-586966/fotos/cebras-negras-rayas-blancas-b>